

GUÍA DE LECTURA

EQUIPO DE BIBLIOTECA
CEIP DE RANDUFE




NADAL 2022

PRELECTOR

Regálame libros

Así ou así? María Pascual de la Torre. *Kalandraka.*

Libro que convida a participar e a descubrir que sempre hai outra maneira de facer as cousas.



Siembra un beso. Amy Krouse Rosenthal. *Océano.*

A felicidade pode estar nun bico colleitado e compartido. É a historia dunha nena que ten a idea de plantar un bico baixo terra. Dela sae un vapor máxico que quere compartir cos seus amigos. Trata a importancia de difundir as boas accións.



Un, dous, tres, Nadal é. Nadia Budde. *Kalandraka.*

Proposta repleta de situación disparatadas, xogos de palabras e rimas delirantes. Personaxes e obxectos asociados ao Nadal en diferentes culturas son os protagonistas dos versos encadeados.

La osa blanca. Ana Alonso. *Anaya.*

Aprende un montón de cousas sobre os osos polares e o cambio climático.

**PRIMEIROS/-AS
LECTORES/-AS**

Non a todas as nenas lles gusta o rosa. David Pintor. *Xerais.*

A través dun divertido diálogo coa súa filla, o autor plasma algunhas das moitas e estrafalarias afeccións que poden facerlles soñar ás nenas. Fala dos estereotipos de xénero empregando o humor.

**NON A TODAS
AS NENAS
LLES GUSTA
O ROSA**



Cambia o conto. Música Miúda. *Galaxia.*

Houbo unha vez un lobo feroz e unha nena asustada. Houbo tamén unha avoa indefensa e unha madrastra malvada... Sempre a mesma lería... ou non? Aquí, Música Miúda dálle a volta ao conto. Con códigos QR para escoitar as cancións. As ilustracións son de Xosé Tomás.



LECTORES/-AS AUTÓNOMOS/-AS



El último glaciar. Ana Alonso. *Anaya*.

Aprende moito sobre desenvolvemento sostible e a situación das especies que viven no Ártico.

Animalario de ler a diario. Eduard Velasco. *Xerais*

Divertidísimos poemas para rir, xogar e emocionarnos. Esta noite hai foliada no souto e os animais convidannos a bailar con eles e a descubrir como viven polo ar, pola terra e polo mar.




Os Minimortos. Ai, que risa! Leticia Costas. *Xerais*.

O oso Penoso está triste. Para tentar animalo, os Minimortos deciden multar a todos os habitantes do Outro Barrio que digan cousas que sexan o contrario de alegres. Conseguirán que volva rir?

El maravilloso mundo de los libros. Ana Alcolea. *Anaya*.

Recorrido pola historia da literatura a través das súas principais obras, autores e personaxes. Recolle historias que deben pervivir na nosa memoria, que se converteron en sagas lexendarias, que foron prohibidas inxustamente ou que se transformaron en películas inolvidables.



Formigas 4. Misión Rosalía. Pere Tobaruela. *Xerais*.

Os FORMIG4S son unha brigada especial que intenta esclarecer os casos máis enigmáticos e complicados. En «Misión Rosalía» son alertados de que a obra da célebre poeta se está a esvaecer. Para investigar este suceso han viaxar ata o século XIX por Compostela e a súa contorna. Alí vivirán unha trepidante aventura para salvagardar o legado de Rosalía de Castro.



LECTORES/-AS EXPERTOS/-AS

As sentinelas do silencio. Beatriz Maceda. *Xerais*.

Unha emotiva novela ecoloxista; un canto á natureza e á defensa do medio rural. Iria ten que deixar a cidade onde vive para mudarse cos seus pais ao campo, a un lugar chamado Malvela. Alí irá coñecendo a persoas especiais que lle van ensinar outra maneira de estar no mundo, moito máis consciente.



LECTORES ADULTOS



A culpa. María Solar. *Xerais*.

Cada seis meses nunha pequena sucursal bancaria reciben a visita da señora Gondar, unha muller de aspecto miserable e cun fedor corporal insoportable. Un mes despois do último encontro, a señora Gondar falece e Amanda convértese inesperadamente na súa única herdeira. Aí comezan unha investigación sobre a identidade da anciá.




As malas mulleres. Marilar Aleixandre. *Galaxia*.

Una singular novela histórica sobre a situación carcelaria das mulleres no século XIX. Unha historia a varias voces, a de Sisca, de 15 anos, presa no cárcere coruñés da Galera porque as mulleres non son donas do corpo, e as de Concepción Arenal, visitadora de prisións, e Juana de Vega, cruciais para entendermos a nosa historia.

Cancións para desafinar. A *Gramola Gominola*.

Un libro-CD cheo de cancións para desafinar! Música en galego e Rock&Roll sen barreiras. A Fábrica de Carmela, A Avoa Fina, O Sapo, A Pita Records son algunhas das cancións deste disco.

PARA ESCOITAR



Gatuxo. Magín Blanco. *Fol Música*.

Libro de ilustracións e de cancións extraordinarias, alegres e tranquilas con instrumentacións coidadas, xogos de voces que transmiten emocións asociadas ao despertar á vida, risas, movemento, descubrimento e que utiliza onomatopeias propias deste despertar.



80 actividades en la naturaleza. *Anaya*.

Coñece o medio ambiente para protexer o planeta. Descubre as actividades que podes realizar relacionadas coa horta, o xardín, as aves e outros pequenos animais!

OUTROS

Los superpreguntones XXL. ¡Viajamos por Europa!

Vox Editorial

Esta viaxe percorre Europa de Cádiz aos Urales en 45 etapas. Pasan por moitas cidades e lugares emblemáticos facendo preguntas: a obra inclúe as bandeiras dos países, un glosario e un xogo.



No hay planeta B. Cuidemos la vida en la tierra. Eva Saldaña. *Beascoa*.

Gaia está preocupada, sabe que a Terra necesita axuda urxente pero, que pode facer unha nena como ela fronte á emerxencia climática de todo un planeta? Por sorte, a súa avoa Lila sabe como axudala. Con valor, ilusión e empoderamento hai solucións a todos os problemas.